



Resolución do 28 de febreiro de 2024, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para a **acreditación das competencias dixitais do alumnado** que cursa ensinanzas de educación secundaria obrigatoria e bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia no curso 2023/24

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, modificada pola Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, recolle no seu artigo 2 que un dos fins aos que se orienta o sistema educativo español é **"a capacitación para garantir a plena inserción do alumnado na sociedade dixital e a aprendizaxe dun uso seguro dos medios dixitais e respectuoso coa dignidade humana, os valores constitucionais, os dereitos fundamentais e, particularmente, co respecto e a garantía da intimidade individual e colectiva"**.

Esta lei tamén establece, no apartado 5 do seu artigo 111bis, que as Administracións educativas e os equipos directivos dos centros promoverán o uso das tecnoloxías da información e da comunicación na aula como medio didáctico apropiado e valioso para levar a cabo as tarefas de ensino e aprendizaxe, e que as Administracións educativas establecerán as condicións que fagan posible eliminar no ámbito escolar as situacións de risco derivadas da inadecuada utilización destas tecnoloxías, con especial atención ás situacións de violencia na rede. Así mesmo, indica que se fomentarán a confianza e a seguridade no uso das tecnoloxías, prestando especial atención á desaparición de estereotipos de xénero que dificultan a adquisición de competencias dixitais en condicións de igualdade.

O Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia e o Decreto 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia regulan que a competencia dixital é un elemento transversal que, sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunha das materias da etapa, debe traballarse en todas as materias. Deste modo, calquera alumna ou alumno destas etapas educativas adquire aprendizaxes que reforzan a súa capacitación dixital co obxectivo de contribuír á súa plena participación na sociedade actual.

A Unión Europea considera fundamental para poder incorporarse á vida adulta de maneira satisfactoria e ser capaz de desenvolver unha aprendizaxe permanente ao longo da vida o desenvolvemento da competencia dixital, que é unha das oito competencias que recolle a Recomendación do Consello do 22 de maio de 2018 relativa ás competencias clave para a aprendizaxe permanente.





Para contribuír á comprensión e ao desenvolvemento desa competencia a Comisión Europea desenvolveu o Marco europeo de competencias dixitais (DigComp), que se traspón e se concreta á realidade do contexto galego mediante o Decreto 123/2021, do 2 de setembro, polo que se regula o Marco galego de competencias dixitais e a certificación galega en competencias dixitais (ComDix). Este marco, flexible e dinámico, determina os coñecementos, as competencias e as aptitudes para contribuír ao desenvolvemento dunha sociedade usuaria dos servizos dixitais avanzados, á mellora profesional e ao benestar colectivo.

A Lei 7/2022, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, engade unha nova disposición adicional sétima á Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, relacionada coas competencias dixitais no sistema educativo galego. Nela recóllese que a avaliación, o recoñecemento e o rexistro das competencias dixitais no ámbito do sistema educativo galego, tanto para o persoal docente, de acordo co seu marco específico de referencias de competencia dixital docente, como para o alumnado, corresponderá á consellería con competencias en materia de educación. A dita disposición tamén recolle a necesaria coordinación dos procesos de xestión do Marco galego de competencias dixitais e do Rexistro de certificacións de competencias dixitais e os que se establezan no sistema educativo galego, así como o establecemento das equivalencias, e dos correspondentes procedementos entre as competencias dixitais obtidas no sistema educativo e o Marco galego de competencias dixitais para a cidadanía de Galicia.

O 21 de novembro de 2023 publicouse no Diario Oficial de Galicia a resolución pola que se aproba e publica o documento Bases para o desenvolvemento do Marco galego de competencias dixitais. Este documento determina as formas de obtención da acreditación do nivel de competencia dixital, destacando, entre outras, a superación da educación regrada por parte do alumnado do sistema educativo galego e establecendo que a consellería competente en materia de educación propondrá as equivalencias entre as competencias dixitais obtidas no sistema educativo e as establecidas no Marco galego.

Neste contexto, a Estratexia Educación Dixital 2030 considera imprescindible a capacitación dixital e, tendo en conta que a competencia dixital se desenvolve dun xeito transversal, mediante as aprendizaxes adquiridas en distintas áreas e etapas educativas, propón a acreditación da competencia dixital do alumnado como vía para contribuír á súa plena participación na sociedade actual e para mellorar o seu acceso ao mercado laboral.

Polo anterior é preciso ditar instrucións para a acreditación das competencias dixitais do alumnado que estuda a etapa de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato tendo en





consideración o Marco galego de competencias dixitais, e, de conformidade co exposto, como directora xeral de Ordenación e Innovación Educativa,

RESOLVO:

Artigo 1. Obxecto e ámbito de aplicación

1. Esta resolución ten por obxecto ditar instrucións para a acreditación das competencias dixitais do alumnado que cursa as etapas de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no ámbito de xestión da Comunidade Autónoma de Galicia no curso 2023/24.

2. Esta resolución é de aplicación nos centros docentes correspondentes ao ámbito de xestión da Comunidade Autónoma de Galicia nos cales se impartan as ensinanzas de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato.

Artigo 2. Niveis de acreditación

1. Os niveis de competencias dixitais que se acreditan a través dos procedementos regulados nesta resolución son: iniciación e intermedio. Estes niveis correspóndense cos niveis de aptitude do Marco galego de competencias dixitais recollidos no documento Bases para o desenvolvemento do Marco galego de competencias dixitais.

2. Tamén se poden acreditar, de xeito parcial, os coñecementos, habilidades e actitudes dunha ou varias áreas de dominio correspondentes ao nivel intermedio descrito no Marco galego de competencias dixitais.

Artigo 3. Modalidades de acreditación

A acreditación das competencias dixitais do alumnado poderá realizarse a través das seguintes modalidades:

a) Por obter o título de graduada ou graduado en educación secundaria obrigatoria no curso 2023/24.

b) Por superar unha proba específica de acreditación das competencias dixitais de nivel intermedio.





c) Por obter o título de bacharel no curso 2023/24 e superar unha proba específica de acreditación da área de dominio 4 de nivel intermedio.

Artigo 4. *Acreditación do alumnado de educación secundaria obrigatoria*

1. O alumnado que obteña o título de graduada ou graduado en educación secundaria obrigatoria recibirá o certificado que acredite o nivel de iniciación.

2. O alumnado matriculado en 4º de educación secundaria obrigatoria poderá presentarse a unha proba específica co obxectivo de acreditar os coñecementos, habilidades e actitudes propias do nivel intermedio.

3. O alumnado que titule ou que supere a proba específica recibirá a certificación ComDix de nivel iniciación ou de nivel intermedio, respectivamente. As ditas certificacións serán emitidas de oficio conforme aos procedementos establecidos no Marco galego de competencias dixitais e no Rexistro de certificacións en competencias dixitais, de acordo co que se recolla no documento Bases para o desenvolvemento do Marco galego de competencias dixitais.

4. A acreditación do alumnado terá unha validez de cinco anos a partir da data da proposta de título da alumna ou o alumno ou da realización da proba específica.

Artigo 5. *Acreditación do alumnado de bacharelato*

1. A obtención do título de bacharel acredita que a alumna ou o alumno ten os coñecementos, habilidades e actitudes das áreas de dominio 1, 2, 3 e 5 do nivel intermedio descritas no Marco galego de competencias dixitais.

2. O alumnado matriculado en 2º de bacharelato poderá presentarse a unha proba específica co obxectivo de acreditar os coñecementos, habilidades e actitudes propias da área de dominio 4 do nivel intermedio descritas no Marco galego de competencias dixitais.

3. No caso de que unha alumna ou un alumno obteña o título de bacharel e ademais supere a proba específica da área de dominio 4 do nivel intermedio, recibirá a certificación ComDix que acredita o nivel intermedio. A dita certificación será emitida de oficio conforme aos procedementos establecidos no Marco galego de competencias dixitais e no Rexistro de certificacións en competencias dixitais, de acordo co que se recolla no documento Bases para o desenvolvemento do Marco galego de competencias dixitais.





4. O alumnado que titule sen superar a proba específica e o alumnado que non titule e supere a proba específica poderá solicitar no centro docente un documento que acredite os coñecementos, habilidades e actitudes das áreas de dominio de competencias dixitais de nivel intermedio superadas. Para estes efecto poderase empregar o modelo de solicitude recollido no anexo I.

5. Os documentos de acreditación aos que se refire o número anterior axustaranse no seu contido ao modelo do anexo II, no caso de alumnado matriculado en centros públicos, e ao modelo do anexo III, no caso de alumnado matriculado en centros de titularidade privada.

6. O documento de acreditación terá unha validez de cinco anos a partir da data da proposta de título da alumna ou o alumno ou da realización da proba específica.

Artigo 6. Requisitos do alumnado para participar nas probas específicas

O alumnado que desexe participar nas probas específicas deberá cumprir os seguintes requisitos:

- a) Estar matriculado en 4º de educación secundaria obrigatoria para presentarse á proba específica que acredita as competencias dixitais de nivel intermedio.
- b) Estar matriculado en 2º de bacharelato para presentarse á proba específica que acredita a área de dominio 4 de competencias dixitais de nivel intermedio.

Artigo 7. Solicitude e inscrición nas probas específicas

1. O alumnado de 4º de educación secundaria obrigatoria e o alumnado de 2º de bacharelato que desexe realizar a proba específica solicitará a súa inscrición empregando o modelo establecido no anexo IV e seguindo o procedemento establecido polo propio centro.

2. O alumnado menor de idade contará coa autorización das persoas proxenitoras ou das persoas titoras legais para poder inscribirse na realización da proba.

3. Os centros docentes deberán inscribir o alumnado que participará na/s proba/s con data límite 11 de marzo, ás 23:59 horas. Tamén deberán indicar o nome da persoa ou persoas coordinadoras destas probas.

4. A inscrición do alumnado de 4º de educación secundaria obrigatoria e a comunicación dos datos das persoas coordinadoras da proba realizarase do seguinte xeito:





a) O alumnado de centros públicos e de titularidade privada sostidos con fondos públicos inscribírase a través da aplicación Xade empregando o módulo Actividade (menú Alumnado > Actividade) que incorpora a actividade denomina "Proba Comp. Dix. 4º ESO".

A comunicación dos datos da persoa coordinadora desta proba realizarase a través dun formulario Abalarbox. **Comunicarase a cada centro educativo a ligazón ao formulario e os pasos a seguir para cumprimentalo.**

b) O alumnado e os datos das persoas coordinadoras de centros de titularidade privada non sostidos con fondos públicos inscribíranse a través da aplicación Enquisas. **Comunicarase a cada centro educativo a ligazón ao formulario de inscrición e os pasos a seguir para cumprimentalo.**

5. A inscrición do alumnado de 2º de bacharelato e a comunicación dos datos das persoas coordinadoras da proba realizarase do seguinte xeito:

a) O alumnado de centros públicos inscribírase a través da aplicación Xade empregando o módulo Actividade (menú Alumnado > Actividade) que incorpora a actividade denomina "Proba Comp. Dix. 2º BAC".

A comunicación dos datos da persoa coordinadora desta proba realizarase a través dun formulario Abalarbox. **Comunicarase a cada centro educativo a ligazón ao formulario e os pasos a seguir para cumprimentalo.**

b) O alumnado e os datos das persoas coordinadoras de centros de titularidade privada inscribíranse a través da aplicación Enquisas. **Comunicarase a cada centro educativo a ligazón ao formulario de inscrición e os pasos a seguir para cumprimentalo.**

Artigo 8. *Convocatoria das probas específicas*

1. As convocatorias de probas específicas, no curso 2023/24, realizaranse consonte ao seguinte calendario:

a) A proba específica que acredita a área de dominio 4 de nivel intermedio realizarase durante o mes de abril.

b) A proba específica que acredita o nivel intermedio realizarase durante o mes de maio.

2. As probas realizaranse nos centros docentes que impartan a etapa de educación secundaria obrigatoria ou bacharelato con alumnado inscrito o día e no horario que se estableza segundo o número de alumnado interesado e a dispoñibilidade de equipos informáticos do centro. Informarase o centro do día e da hora coa antelación suficiente para a organización das probas.





3. A convocatoria de cada proba específica será única.

Artigo 9. *Información sobre as probas específicas*

1. Os centros docentes informarán o alumnado destinatario da proba específica sobre o obxectivo e o tipo da proba, o nivel ou a área de dominio de competencias dixitais que se acredita e a data da mesma.

2. A proba específica para acreditar o nivel intermedio axustarase ás cinco áreas de dominio definidas no Marco galego de competencias dixitais (<https://competenciasdixitais.xunta.gal/areas.html>). A alumna ou o alumno debe responder nun tempo máximo de 90 minutos un total de 60 preguntas de diferente complexidade e tipoloxía referidas a cada unha das cinco áreas de dominio (12 preguntas por cada área).

Para superar a proba específica de nivel intermedio deberase responder correctamente a un 70% do total de preguntas, sendo necesario obter un mínimo do 60% de respostas correctas en cada unha das cinco áreas.

3. A proba específica para acreditar a área de dominio 4, Seguridade e privacidade, axustarase á definición de dita área no nivel Intermedio no Marco galego de competencias dixitais (<https://competenciasdixitais.xunta.gal/areas.html>). A alumna ou o alumno debe responder nun tempo máximo de 20 minutos un total de 12 preguntas de diferente complexidade e tipoloxía.

A proba específica da área de dominio 4 do nivel intermedio considerarase superada ao responder correctamente ao 60% das preguntas.

Artigo 10. *Organización das probas*

1. Cada centro participante deberá dispoñer dun ou varios espazos dotados de postos informáticos para uso individual no/s día/s e no/s horario/s que se lle asignen para realizar as probas.

Os postos informáticos deberán contar con ordenador de mesa ou ordenador portátil con acceso a Internet e acceso aos seguintes programas: navegador web, solución ofimática (LibreOffice ou equivalente) e lector PDF.

2. Cada centro realizará as probas na/s data/s e hora/s asignada/s.

3. En cada centro no que se realicen probas específicas nomearase unha ou varias persoas encargadas da organización das ditas probas e coas seguintes funcións:





- a) Información e resolución de dúbidas sobre as probas específicas.
- b) Aplicación das probas segundo as instrucións recibidas.
- c) Comunicación de incidencias a través das canles establecidas pola AMTEGA.
- d) Vixilancia e control do desenvolvemento das probas.

Disposición adicional primeira. *Posta a disposición das certificacións*

1. As certificacións ComDix estarán dispoñibles na Carpeta cidadá da sede electrónica da Xunta de Galicia de cada alumna ou alumno.

Sen prexuízo do anterior, o alumnado dos centros públicos recibirá a certificación ComDix a través da aplicación Abalar.

2. Os documentos de acreditación aos que se refiren os artigos 5.4 e 5.5 serán entregados polo centro educativo ao alumnado que o solicite a partir do remate das clases lectivas do curso escolar.

Disposición adicional segunda. *Acreditación de persoas que obtivesen o título de educación secundaria obrigatoria nos cursos 2021/22 ou 2022/23*

1. As persoas que obtivesen o título de educación secundaria obrigatoria nos cursos académicos 2021/22 e 2022/23 tendo participado no programa E-Dixgal nun mínimo de tres cursos académicos poderá solicitar a acreditación das competencias dixitais no centro no que rematase cuarto de educación secundaria obrigatoria.

Cada curso académico no programa E-Dixgal debe corresponder cun curso diferente da etapa de educación secundaria obrigatoria (1º, 2º, 3º ou 4º). Para estes efectos, os cursos do programa de diversificación curricular ou do programa de mellora da aprendizaxe e do rendemento computarán no curso equivalente da educación secundaria obrigatoria.

2. As persoas que desexen solicitar a acreditación das competencias dixitais dirixirán unha solicitude entre o 2 e o 15 de maio de 2024, axustada en contido ao modelo recollido no anexo V, á dirección do centro no que rematasen cuarto de educación secundaria obrigatoria.

A solicitude debe ir acompañada dun documento que acredite a súa participación no programa E-Dixgal no ano académico e no curso indicado pola persoa solicitante. Este documento





acreditativo axustarase no seu contido ao modelo do anexo VI para os centros públicos e ao modelo do anexo VII para os centros privados.

3. A dirección do centro enviará, desde o 16 ao 31 de maio, ambos inclusive, os datos das persoas que cumpren os requisitos para obter a certificación ComDix de nivel iniciación. O envío realizarase a través da sede electrónica, empregando unha solicitude xenérica (código de procedemento PR004A) dirixida á Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, indicando no asunto ComDix E-Dixgal. A esta solicitude xuntarase un arquivo en formato folla de cálculo cos datos das persoas propostas para a certificación (nome e apelidos, DNI/NIE, correo electrónico, teléfono, data de proposta de título).

5. A persoa solicitante recibirá a certificación ComDix conforme aos procedementos establecidos no Marco galego de competencias dixitais e no Rexistro de certificacións en competencias dixitais, de acordo co que se recolla no documento Bases para o desenvolvemento do Marco galego de competencias dixitais

6. A acreditación terá unha validez de cinco anos a partir da data da proposta de título da alumna ou do alumno.

Disposición adicional terceira. *Información sobre o Marco galego de competencias dixitais*

O contido do Marco galego de competencias dixitais (MGCD) pódese consultar en

https://ficheiros-web.xunta.gal/comdix/20231213_EstruturaMGCD_v.1.0.pdf

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

Judith Fernández Novoa

Directora xeral de Ordenación e Innovación Educativa





ANEXO I

Solicitud de documento de acreditación das áreas de dominio de competencias
dixitais de nivel intermedio

Dna./D. _____, con DNI/NIE
_____, alumna/o do centro _____ e matriculado en
2º de bacharelato no curso 2023/24 SOLICITO a certificación da acreditación das áreas de dominio
de competencias dixitais de nivel intermedio por:

- Ter obtido o título de bacharel no curso (áreas de dominio 1, 2, 3 e 5).
- Ter superada a proba específica da área de dominio 4 .

....., dede

Asdo:

(A alumna / O alumno)

No caso de alumnado menor de idade:

Dna./D. con DNI/NIE, nai / pai / titora/titor
legal da/o alumna/oSOLICITO a certificación da acreditación das
áreas de dominio de competencias dixitais de nivel intermedio

....., dede

Asdo:

(A nai / O pai / A persoa titora legal)



ANEXO II

Documento de acreditación de áreas de dominio de competencias dixitais para centros públicos

a) Modelo de acreditación das áreas de dominio 1, 2, 3 e 5 do nivel intermedio

A Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades

CERTIFICA

que -----NOME-----, con DNI/NIE -----, matriculada/o no centro CÓDIGO – NOME CENTRO de LOCALIDADE, provincia de NOME PROVINCIA, con data --/--/-- foi proposta/o para a obtención do título de bacharel que acredita os coñecementos, habilidades e actitudes de:

ÁREAS DE NIVEL INTERMEDIO - MARCO GALEGO DE COMPETENCIAS DIXITAIS

- Área 1. Información e datos
- Área 2. Comunicación e colaboración
- Área 3. Creación e contido dixital
- Área 5. Contorna dixital e solución de problemas

E para que conste e teña os efectos oportunos onde proceda, expídese esta certificación.

Selo do centro

Este documento terá un período de validez de cinco anos desde a data de realización da proba específica.





b) Modelo de acreditación da área de dominio 4 do nivel intermedio

A Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades

CERTIFICA

que -----NOME-----, con DNI/NIE -----, matriculada/o no centro CÓDIGO – NOME CENTRO de LOCALIDADE, provincia de NOME PROVINCIA, con data --/--/-- superou a proba específica que acredita os coñecementos, habilidades e actitudes de:

ÁREAS DE NIVEL INTERMEDIO - MARCO GALEGO DE COMPETENCIAS DIXITAIS

Área 4. Seguridade e privacidade

E para que conste e teña os efectos oportunos onde proceda, expídese esta certificación.

Selo do centro

Este documento terá un período de validez de cinco anos desde a data de realización da proba específica.





ANEXO III

Documento de acreditación de áreas de dominio de competencias dixitais para centros privados

a) Modelo de acreditación das áreas de dominio 1, 2, 3 e 5 do nivel intermedio

Dna./D., con DNI/NIE, na miña condición de directora/director do centro educativo CÓDIGO – NOME CENTRO de LOCALIDADE, provincia de NOME PROVINCIA,

DECLARO RESPONSABLEMENTE

que -----NOME-----, con DNI/NIE -----, matriculada/o no 2º curso de bacharelato no ano académico 2023/24 no centro CÓDIGO – NOME CENTRO, con data --/--/-- foi proposta/o para a obtención do título de bacharel que acredita os coñecementos, habilidades e actitudes de:

ÁREAS DE NIVEL INTERMEDIO - MARCO GALEGO DE COMPETENCIAS DIXITAIS

Área 1. Información e datos

Área 2. Comunicación e colaboración

Área 3. Creación e contido dixital

Área 5. Contorna dixital e solución de problemas

E para os efectos oportunos, asinase en(lugar e data).....

Asdo:(nome e apelidos)...

Selo do centro

Este documento terá un período de validez de cinco anos desde a data de realización da proba específica.





b) Modelo de acreditación da área de dominio 4 do nivel intermedio

Dña/D., con DNI/NIE....., na miña condición de directora/director do centro educativo CÓDIGO – NOME CENTRO de LOCALIDADE, provincia de NOME PROVINCIA,

DECLARO RESPONSABLEMENTE

que -----NOME-----, con DNI -----, matriculada/o no 2º curso de bacharelato no ano académico 2023/24 no centro CÓDIGO – NOME CENTRO, con data --/--/-- superou a proba específica que acredita os coñecementos, habilidades e actitudes de:

ÁREAS DE NIVEL INTERMEDIO - MARCO GALEGO DE COMPETENCIAS DIXITAIS

Área 4. Seguridade e privacidade

E para os efectos oportunos, asínase en(lugar e data).....

Asdo:(nome e apelidos)...

Selo do centro

Esta documento terá un período de validez de cinco anos desde a data de realización da proba específica.





ANEXO IV

Modelo de solicitude de inscrición nas probas específicas para acreditación das competencias dixitais do alumnado

Dna./D., con DNI/NIE..... e alumna/o do centro..... estando matriculado no curso 2023/24 en:

- 4º curso de educación secundaria obrigatoria
- 2º curso de bacharelato

SOLICITO:

A inscrición para realizar a proba específica que se celebrará no centro para acreditación das competencias dixitais de:

- Nivel intermedio (só alumnado de 4º de educación secundaria obrigatoria)
- Área 4 do nivel intermedio (só alumnado de 2º de bacharelato)

....., dede

Asdo:

(A alumna / O alumno)

No caso de alumnado menor de idade:

Dna./D. con DNI/NIE, nai / pai / titora / persoa titora legal da/o alumna/oSOLICITO a súa inscrición para realizar a proba específica para acreditación das competencias dixitais.

....., dede

Asdo:

(A nai / O pai / A persoa titora legal)





ANEXO V

Modelo de solicitude de acreditación de competencias dixitais para persoas que obtivesen o título de educación secundaria obrigatoria no curso 2021/22 ou no curso 2022/23 e participaran no programa E-Dixgal

Dna./D., con DNI/NIE, e domicilio en..... SOLICITO a certificación de competencias dixitais por ter obtido o título de educación secundaria obrigatoria no curso e ter participado no programa E-Dixgal os seguintes cursos de educación secundaria obrigatoria:

- 1º curso: *(indicar o ano académico e nome do centro)*
- 2º curso (ou o 1º ano dun PMAR): *(indicar o ano académico e nome do centro)*
- 3º curso (ou o 1º ano dun PDC ou o 2º ano nun PMAR): *(indicar o ano académico e nome do centro)*
- 4º curso (ou o 2º ano dun PDC): *(indicar o ano académico e nome do centro)*

....., dede

Asdo:

(A alumna / O alumno)

No caso de alumnado menor de idade:

Dna./D. con DNI/NIE, nai / pai / persoa titora legal da/o alumna/oSOLICITO a súa certificación de competencias dixitais.

Asdo:

(A nai / O pai / A persoa titora legal)





ANEXO VI

Modelo de documento acreditativo de participación no programa E-Dixgal para centros públicos

Dna./D. como secretaria/o do centro educativo CÓDIGO – NOME CENTRO de LOCALIDADE, provincia de NOME PROVINCIA

CERTIFICO

QueNOME E APELIDOS..... con DNI/NIE..... estivo matriculado e participou no programa E-Dixgal no curso(1º, 2º, 3º, 4º)..... de educación secundaria obrigatoria no ano académico no centro educativo..(CÓDIGO – NOME CENTRO):

....., dede

A secretaria / O secretario

Selo do centro

A directora / O director

.....

.....





ANEXO VII

Modelo de documento acreditativo de participación no programa E-Dixgal para centros privados

Dna./D., con DNI/NIE..... , na miña condición de directora/director do centro educativo CÓDIGO – NOME CENTRO de LOCALIDADE, provincia de NOME PROVINCIA,

DECLARO RESPONSABLEMENTE

queNOME....., con DNI/NIE, estivo matriculado e participou no programa E-Dixgal no curso(1º, 2º, 3º, 4º)..... de educación secundaria obrigatoria no ano académico no centro educativo..(CÓDIGO – NOME CENTRO).

E para os efectos oportunos, asíñase este documento en(lugar e data).....

Asdo:(nome e apelidos)...

Selo do centro

